

Concello de Vimianzo

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 16/05//2014

Na vila de Vimianzo, ás vinte e una horas e trinta minutos do dezaseis de maio de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria e urxente convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.^a María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D.^a Mónica Rodríguez Ordoñez
D.^a María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D. Ramón Santos Vázquez
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.^a Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

D. Manuel Soto Pérez.
D. José Manuel Pérez Trillo.

Secretaría accidental: D.^a Ivanna Vidal Domínguez, en virtude de Resolución da Alcaldía 387, de 14 de abril de 2014.

Interventora: D.^a Gema Leal Ínsua

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Ratificar o carácter urxente da sesión.

O alcalde explica que se convocou este Pleno con carácter extraordinario porque foi solicitado pola cuarta parte dos membros da corporación e o alcalde debe de convocalo para que se celebre dentro dos quince días hábiles dende a súa solicitude, o último día era hoxe. Segue dicindo que é urxente porque o alcalde non puido convocalo de xeito ordinario como se convocan os Plenos, deixando dous días entre a convocatoria e a celebración por unha situación particular que se esta vivindo no concello de Vimianzo e é que non temos secretaría municipal e indica que están á espera de que a Dirección Xeral da Administración Local resolva un expediente que está completo e explica que membros da oposición, entre eles catro que solicitan o Pleno presentaron un escrito denuncia contra a secretaria e con esa disculpa a Dirección Xeral ten paralizado o nomeamento de secretario habilitado e explica que por iso fai as funcións de secretaria accidental, Ivanna, e indica que lle agradece o seu papel e o seu traballo pero explica que Ivanna e unha persoa que está ocupando unha praza do subgrupo A2 e non é unha habilitada estatal para poder facer eses informes. Segue dicindo que lamenta moito isto e que lle parece indignante a actitude da Dirección Xeral da Administración Local e que lle parece impresentable esa actitude así como que se utilice unha administración para paralizar o nomeamento dunha secretaria e causarlle dano, non ao alcalde de Vimianzo, senón ao concello de Vimianzo pois explica que, de feito, están paralizadas as licenzas e moitos máis expedientes por ese motivo e sinala que lle parece totalmente rexeitable ata o punto de que explica que pediu o amparo ao órgano que representa a todos os concellos, a Federación Galega de Municipios e Provincias, a FEGAMP, e

sinala que coincide totalmente co que é o planteamento do Sr. Alcalde. Prosigue dicindo que a FEGAMP, por unanimidade dos seus portavoces, do partido popular, o presidente, do partido socialista, o alcalde do Barco, o portavoz do BNG, o alcalde de Allaríz, non entenden como se pode actuar dese xeito paralizano o nomeamento do secretario para o concello de Vimianzo.

Continua dicindo que porque este motivo e porque llo pediu, no seu momento a secretaria accidental, solicitou un informe aos servizos xurídicos da Deputación da Coruña. Explica que este informe chegou hoxe por escrito, por correo postal e chegou o día catorce, antonte por fax. Sinala que dende o día que tivo o informe da asesoría xurídica da Deputación procediu a convocar o Pleno e, precisamente o motivo de urxencia, é porque o prazo para convocar o Pleno polo Sr. Alcalde remataba hoxe e sinala que é unha obriga do alcalde e que a súa intención foi sempre a de convocar este Pleno, porque manifesta que está obrigado a convocar o Pleno e explica que por iso se xustifica a urxencia deste Pleno.

Continua dicindo, que o primeiro punto da orde do día, como ten que ser nos plenos urxentes, é ratificar a urxencia é polo que sinala que entón procedan a votar.

Neste intre, a representante de IxV, Sra. Rodríguez, solicítalle a palabra ao Sr. alcalde para dar lectura a unha cuestión de orde antes de iniciar á votación da urxencia do Pleno.

O Sr. Alcalde, concédelle a palabra.

A Sra. Rodríguez manifesta que os concelleiros da oposición fan constar que o Sr. Alcalde convocou Pleno extraordinario sen a maioría dos puntos propostos para a orde do día, fundamentalmente para o seguimento e control da acción de goberno; segue dicindo que o Sr. Alcalde emitiu unha resolución en contra dun informe que solicitou á Deputación provincial, o cal conclúe que os concelleiros, en ningún caso poden ser privados ou limitados do exercicio do seu dereito fundamental a participar nos asuntos públicos previsto no art. 23 e segue dicindo que a pesar desa advertencia o Sr. Alcalde..

Interrumpea o Sr. Alcalde para dicirlle que iso non é unha cuestión de orde; ao que a Sra. Rodríguez lle responde, se o Sr. Alcalde cree iso.

O Sr. Alcalde, dille que non é unha cuestión de orde e pídelle que se ataña; a Sra. Rodríguez pregúntalle se é unha advertencia.

O Sr. Alcalde dille que se ataña; e explica que unha cuestión de orde é plantear algo porque non se pode celebrar a votación ou algo así e non para que a Sra. Rodríguez faga un alegato e indicálle que terá o seu momento para facer o seu alegato.

A continuación dille que ten que atermarse ao que é a norma e explicalle que ten dereito a intervir por unha cuestión de orde para dicir como se fai a votación pero non para facer o seu alegato e sinala que iso faino despois e que van proceder a votar.


A Sra. Rodríguez solicita que conste en acta que intentou facelo.

O Sr. Alcalde dille que todo isto consta en acta, que non se preocupe, e dille que é importante que saiba distinguir entre unha cuestión de orde dun discurso.

A Sra. Rodríguez dille que de acordo.

O Sr. Alcalde dille que é importante para o bo funcionamento do Pleno. A Sra. Rodríguez dalle as grazas. O Sr. Alcalde lémbrale que lle dou a palabra.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, en cumprimento do disposto nos artigos 46.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 79 do RD 2568/1986, do 28 de



Concello de Vimianzo

novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Ratificar a urxencia de todos os asuntos incluídos na orde do día da presente sesión. **2. Supresión da dedicación exclusiva ás tarefas da Alcaldía.**

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental que da lectura da parte resolutiva do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, do día 16 de maio de 2014, que dí o seguinte:

"a Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, con dous votos en contra (BNG), ningún voto a favor e tres abstencións (PSdeG-PSOE, IxV e a concelleira non adscrita), ditamina desfavorablemente a seguinte proposta de acordo:

-Suprimir a dedicación exclusiva ás tarefas do cargo de Alcalde, recoñecida a don Manuel Antelo Pazos por acordos corporativos precedentes.

-Suprimir a retribución asignada.

-Dar de baixa no réxime da seguridade social.

-Adicar os aforros xerados a un Plan de investimentos no marco das competencias propias ou delegadas que será aprobado polo Pleno da Corporación."

A continuación o Sr. Alcalde sinala que vai dar lectura ao informe da Deputación para coñecemento de todo o mundo ao respecto deste punto, que é a Supresión de dedicación exclusiva y retribuciones del Alcalde.

Indica que vai ler textualmente -explica que está en castelán- para que ninguén diga que fai unha interpretación, por se o leo en galego:

El art. 75.1 de la lei de bases de régimen local, establece que, con carácter general, los miembros de las Corporaciones locales percibirán retribuciones por el ejercicio de sus cargos, cuando los desempeñan con dedicación exclusiva, en cuyo caso serán dados de alta en el Régimen general de la Seguridad Social, asumiendo las Corporaciones el pago de las cuotas empresariales que corresponda.

El art. 13.4 del Reglamento orgánico de funcionamiento de las entidades locales, establece que, el Pleno corporativo, a propuesta del Presidente, determinará, dentro de la consignación global contenida a tal fin en el Presupuesto, la relación de cargos de la Corporación que podrán desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva y, por tanto, con derecho a retribución, así como las cuantías que correspondan a cada uno de ellos en atención a su grado de responsabilidad.

La Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia núm.22/2010, Sala de lo contencioso-administrativo, Sección 2ª, de 13 de enero, dictada ha manifestado lo siguiente, respecto a estas redacciones, de rango legal y reglamentario- O Sr. Alcalde explica que dí a sentencia-supone pues que mientras el Pleno de la correspondiente Excm. Corporación municipal establece el catálogo estructural de cargo y

responsabilidades, la específica designación para la cobertura y cese de los mismos mediante su singularizada nominación corresponde al Ilmo.Sr.Alcalde-Presidente del Excmo.Ayuntamiento de Boiro (Coruña), por la que se en suma se privó de aquel régimen de dedicación exclusiva y de las retribuciones al mismo inherentes a que referido Concejal...


En este mismo sentido se pronuncia la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Castilla-La Mancha, núm.260/2010, Sala de lo contencioso-administrativo, Sección 2ª, de 1 de septiembre, al respecto del art. 13.4 del ROF, Reglamento orgánico de funcionamiento de las entidades locales, que -o Sr.alcalde explica que a sentencia dí- de la lectura de dicho precepto se puede llegar a la conclusión de que lo que es competencia del Pleno es determinar qué cargos se ejercen en régimen de dedicación exclusiva, mientras que el nombramiento de las personas concretas que han de desempeñarlos corresponde al Alcalde.

También la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Cantabria,núm.68/2007, Sala de lo contencioso-administrativo, de 2 de febrero, con mayor desarrollo argumental, llega a la misma conclusión: Tal citado precepto entre competencias atribuidas al Pleno, determinación de los cargos con pueden desempeñarse en régimen de dedicación exclusiva y las cuantías que les correspondan, de las del Alcalde, como Presidente de la Corporación, de nombramiento de los miembros que desempeñarán dichos cargos. Ello responde al reparto genérico de cometidos que efectúan los artículos 21,22 y 23 de la citada Ley de Bases de Régimen Local, 41 y ss del Reglamento mencionado.Siendo competencia del Pleno las finanzas del Ayuntamiento, suya es la competencia para determinar cuántos (de sus miembros) y por cuánto (concreta retribución) pueden desempeñar sus funciones en régimen de dedicación exclusiva, pues ello determina el total del gasto.Pero dentro de las funciones atribuidas al Alcalde, de dirección del gobierno y de la administración municipal (artículo 21.1 de la Ley de Bases de Régimen Local) y como jefe superior del personal del Ayuntamiento (artículo 21 h), es a éste a quien corresponde el nombramiento de las personas que han de desempeñar los correspondientes cargos. Comenzando por quiénes desempeñan los máximos de Tenientes de Alcalde (artículo 21.2) y concejales que integran la Junta de Gobierno (artículo 23). Lógico es, pues, que también la Ley le atribuye la designación de aquellos otros concejales a los que corresponde ocupar los cargos que el Pleno considera requieren dedicación exclusiva, como literalmente establecen los citados preceptos. En cualquier caso y como bien apunta el Ayuntamiento demandado, operaría la competencia residual a favor del Alcalde en aquéllas competencias municipales no expresamente atribuidas a otros órganos.

O Sr. Alcalde indica que sigue o informe e que dí:

Como quiera que, el antes citado art. 80 del Reglamento orgánico de funcionamiento las entidades locales, atribuye al Alcalde la competencia para realizar la convocatoria y el orden del día comprensivo de los asuntos a tratar, deberá incluir en el mismo, la propuesta de los solicitantes, sobre la supresión del régimen de dedicación exclusiva de la Alcaldía, así como de las retribuciones que le correspondan.

Sin perjuicio de lo expuesto, debemos añadir que, en un régimen ordinario de funcionamiento municipal, no es frecuente, salvo que concurren circunstancias excepcionales, que la Alcaldía no tenga atribuida algún régimen de dedicación, exclusiva



Concello de Vimianzo

o parcial, con la correspondiente determinación de sus retribuciones, máxime cuando, al inicio del mandato, el Pleno entendió que la dedicación debía ser exclusiva; la supresión de la dedicación y de las retribuciones, se produce durante el transcurso del mandato y no desde el principio, lo que exige una explicación sobre el cambio de las circunstancias que justifiquen la medida.

En estas circunstancias, el Acuerdo plenario de supresión o modificación del régimen de dedicaciones, debe encontrarse motivado con extremo rigor, pues no es la primera vez que los tribunales anulan este tipo de medidas, por incurrir en desviación de poder. Así, por ejemplo:

O Sr. Alcalde explica que a continuación veñen sentenzas, e sinala que o informe dí:

La antes citada Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Madrid, núm. 1986/2010, señala o Sr. alcalde que dí que: Las facultades del Pleno relativas a la determinación del régimen de exclusividad fijación de sueldos, no están previstas como instrumento para conseguir el cese de los cargos electos, sino para retribuir adecuadamente a los representantes públicos, y su uso con otros fines distintos constituye una clara desviación de poder.

En un sentido similar, la Sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia núm. 880/2013 -o Sr. alcalde, indica que polo tanto do ano pasado e sigue dicindo- de 18 de diciembre que anula el Acuerdo plenario de reducción de la dedicación exclusiva de un corporativo municipal, por falta de motivación, al entender que el motivo de la medida fue la de represaliar al grupo municipal, por no haber retirado una moción previamente debatida -O Sr. Alcalde indica que a sentenza dí- se trataba de una decisión adoptada a modo de respuesta a la moción presentada por el Grupo popular y debatida inmediatamente antes en la misma sesión, lo que entraña que no estamos en presencia de la persecución del fin previsto por el ordenamiento sino uno diferente que determina la existencia del vicio de anulabilidad denunciado y, en consecuencia, decidimos que el recurso haya de ser estimado.

En conclusión, sinala o Sr. Alcalde que segue o informe-entendemos que aún no siendo habitual en un régimen ordinario de funcionamiento municipal, las retribuciones del Alcalde no son una dádiva discrecional que pueda establecer el Pleno, sino una compensación por la prestación de un servicio, sí es jurídicamente posible, que el Pleno decida suprimir la dedicación exclusiva de la Alcaldía, debiendo el Alcalde incluir este asunto en el orden del día del Pleno extraordinario; no obstante, tal medida deber ser adoptada cumpliendo las finalidades previstas por el Ordenamiento Jurídico, con una adecuada motivación, justificando los motivos que dan lugar al cambio del régimen de dedicación inicialmente acordado, a fin de no incurrir en arbitrariedad constitutiva de desviación de poder, correspondiendo al Pleno apreciar la concurrencia y suficiencia de dicha justificación.

O Sr. Alcalde dí que este é o informe da asesoría xurídica da Deputación e sinala que o que procede nestes momentos e darlle a palabra.

Interrompeo o Sr. Rodríguez e o alcalde pídelles un minuto e segue explicando que o que toca e darlle a palabra a un dos propoñentes, a un dos solicitantes do Pleno, para que defenda a súa proposta e acto seguido proceder, como é habitual, a que os portavoces se pronuncien ao respecto e haxa un debate.

O Sr. Alcalde diríxese ao Sr. Rodríguez e pregúntalle se vai defender a proposta.

O Sr. Rodríguez dí que vai presentar unha emenda.

E o Sr. Alcalde volve a preguntarlle se vai el defender a proposta e manifesta que o que procede é que un dos solicitantes do Pleno defenda a proposta.

O Sr. Rodríguez dí que vai presentar unha emenda a este punto para motivar o que o Sr. Alcalde esta dicindo.

O Sr. Alcalde respóndelle que el non ten a palabra para presentar unha emenda, e dille que ten a palabra se vai defender a proposta

O Sr. Rodríguez dille que antes de defender a proposta vai presentar unha emenda sobre a proposta para...

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Rodríguez, que sabe que as emendas as hai que presentar antes de que se inicie o punto, e dille que está no Regulamento orgánico de funcionamento e dille que non caben emendas porque tivo oportunidade de presentala na Comisión, ou quen estivera na Comisión, ou senón que a tiña que presentar antes e non no transcurso do debate. O Sr. Alcalde dille ao Sr. Rodríguez que ten a palabra para defender a proposta de retirada da adicación exclusiva do alcalde e pregúntalle se está de acordo.

O Sr. Rodríguez pregúntalle se é posible votar a emenda para motivar ...

O Sr. Alcalde dille que non procede votar a emenda

O Sr. Rodríguez continua dicindo que é para motivar o que o Sr. Alcalde acaba de comentar de ...

O Sr. Alcalde indícalle que é a última vez que llo dí, e que o teñen moi claro e segue dicindo que ás veces hai que ir polo libro, e que o libro procura beneficiar a todo o mundo, é dí que o libro dí que as emendas as hai que presentar ao inicio do punto, e que o punto xa está iniciado e dille que por tanto non cabe emenda e pregúntalle ao Sr. Rodríguez se vai a defender esta proposta.

O Sr. Rodríguez dille que a compañeira.

O Sr. Alcalde, dille que non.

O Sr. Rodríguez, solicita que conste en acta que non me deixou ler a...

O Sr. Alcalde pregúntalle a Sra. Vázquez se vai defender a proposta.

O Sr. Alcalde pregúntalle a Sra. Rodríguez Ordoñez se vai defender a proposta.

A Sra. Rodríguez respóndelle que o vai facer pero solicita que conste en acta que tiñan unha emenda e o Sr. Alcalde o único que fixo foi facer lectura do informe e dille ao Sr. Alcalde que non quere entender esa emenda, dí que cree que non corresponde que cree que o compañeiro tiña dereito a facelo e solicita que conste en acta que non están de acordo.

Segue dicindo que en canto a motivación, dí que non é do seu gusto estar para ese punto deste Pleno e diríxese ao Sr. Alcalde para dicirlle que case despois de tres anos levan vivindo unha situación insostible (ruido do público)

O Sr. Alcalde pídelle ao público que deixe falar a Sra. Concelleira.

A Sra. Rodríguez, sinala que que diferencia cando falan uns e cando falan outros.

O Sr. Mancebo, dille que por algo será.

O Sr. Alcalde dí que cree que están levando ben isto e pídelle a Sra. Concelleira que prosiga.

A Sra. Rodríguez dille que ben non cree porque se hai unha emenda dunha maioría, pídelle que os respeten, que vote esa emenda e dille que sería algo constructivo para todos.

O Sr. Alcalde pídelle que siga defendendo a súa proposta.



Concello de Vimianzo

A Sra. Rodríguez Ordoñez preguntalle ao Sr. Alcalde se quere unha adicación; e segue dicíndolle que lle permita dar lectura desa emenda, dille que rectificaron que de dille que permita ler a emenda e que se proceda a votación e indica que cree que vai ser positivo para todos.


O Sr. Alcalde dille que siga defendendo a proposta.

A Sra. Rodríguez, dí que aquí sí ou sí por que o di o Sr. Alcalde, de maneira radical como todo e dille que esta postura é un dos motivos, de miles, de dous mil ou de tres mil que teñen para tomar esta decisión e dille que lle lembra que sete son máis ca catro e que nunca os quixo escoitalos e que lle pode enumerar cincuenta mil cousas independentemente de que o seu público trate de dicir o que queira e dí que teñense que escoitar e respetar porque cree que están respetando e que non teñen que todos pensar da mesma maneira e que cada un ten o seu criterio. Segue dicindo que o que están a vivir, as queixas que teñen dos veciños, que loxicamente non é o 100%, dí que están falando dunha maioría que a xente non está contenta, e dille que pode enunmerarlle e dille que cree que na convocatoria que solicitaron cree que está claro pero sinala que vai nomear algunhas das cousas e que vai facer un pequeno resumo, se llo permite, e dí que dende que o Sr. Alcalde tomou posesión do Goberno en minoría en lugar de usar o cargo para buscar o interese xeral dos veciños estao utilizando para perseguir aos que non pensan coma él, é dicir, con fins políticos partidístas e persoais sinala algún exemplo para facer resumo como a ausencia de convocatorias extraordinarias, comisións informativas a mesa de contratación dos concelleiros Rodríguez Blanco e Vázquez Miñones; a negativa a convocar Plenos extraordinarios solicitados pola cuarta parte dos concelleiros da corporación ou non admisión, como neste caso, na Orde do día, da maioría dos puntos que piden e que cree cumprido co regulamento correspondente. A negativa a tocar asuntos introducidos por vía de urxencia en sesións plenarias ordinarias presentadas como mocións de urxencias, e dí que cree que o único concello de España onde non se permite isto, dí que o Sr. alcalde sostén que a declaración de urxencia lle corresponde a él e non ao Pleno, dille que el dirixe, el manda, el ordea, el organiza, el decide, el impón; -segue exemplificando- a negativa a deixar sobre a mesa determinados acordos trascendentes para solicitar informes ou introducir fórmulas de orzamentos participativos no caso dos orzamentos para o 2014 impediu que se votara deixalo sobre a mesa solicitar determinados informes para establecer unha rolda de negociación cos veciños e diversos grupos e concelleiros; a forma de dirixir os Plenos desprezando aos concelleiros, expulsandoos sen motivos, interrompendo a súa intervención e mesmo pechando os puntos sen o necesario debate. Segue dicindo que cada Pleno resulta ser un circo, un insulto do alcalde á democracia, aos concelleiros así como as persoas que o elixiron; a negativa da Sr. secretaria a dar resposta as solicitudes de informes ou certificacións pedidas por un tercio dos concelleiros e di que recentemente se solicitou un certificado sobre asuntos relacionados co alcalde para pedir un informe aos servizos xurídicos da Deputación e pasado un mes aínda non recibiron contestación; dende logo quero deixar constar aquí que non é porque a secretaria non queira emitir a certificación, dí que todo é as ordes do Sr. alcalde; a maneira de permitir acceso á documentación nun patente abuso de posición, poder por parte da Alcaldía dividindo e dispersando en diversos días, prazos e horarios o acceso aos documentos dificultando o exercicio dun dereito básico dos concelleiros en lugar de facilitar o exercizo de tales dereitos que cada vez se impide máis; as manobras para impedir a tramitación dunha moción de censura con acollementos xudiciais dos promotores das mesmas, que todos coñecemos a sentenza ; o conxunto de denuncias e procesos xudiciais que ten abertos; a negativa de

tramitar un orzamento participativo como solicitan os membros da oposición; a paralise da administración municipal posto que en lugar de xestionar obras e servizos adócase a perseguir e atemorizar aos traballadores e aos integrantes da oposición e sinala con que abonda con facer lectura de noticias nos medios últimos; que podemos ver..a través de expedientes de orde urbanístico. Segue dicindo que non cumpre cos compromisos expostos na sesión de investidura e moito menos cos do seu programa político; o uso partidista e persoal da defensa do letrado do concello sen xustificar a posición procesual que se mantén en diversos pleitos, a negativa de facilitar información dos trámites procesuais que se desenvolven; o incumprimento de diversos acordos plenarios; por exemplo polo cumprimento da convocatoria dalgunha comisión informativa ou periodicidade mensual dos plenos ordinarios; segue dicindo que o concello conta cun número importante de funcionarios perfectamente preparados que se ocupan das labores administrativas e que rexeitan que o alcalde interfira nas súas tarefas como ven facendo e sinala que aproveita a adicación non para gobernar senón para ser un administrativo militar das súas funcións. Continua dicindo que o concello de Vimianzo como un caso illado conta cun posto de persoal eventual, e sinala que baixo investigación penal, e explica que no pleno que se adoptou os orzamentos e distintos escritos presentados presentouse a supresión deste posto e indica que O Sr. Alcalde non accedeu, e indica que como é un caso illado na Costa da Morte en entidades parellas poboación, orzamentos e organización. Continua sinalando que a presenza desta persoa de confianza, cargo político xustifica de seu a supresión da adicación da alcaldía e retribucións asignadas xunto coa cotización da Seguridade Social ; indica que se quere sigue lendo pero.. E prosigue dicindo que dada a conxuntura económica para suprimir o peche das empresas por migración ao extranxeiro de empregados ou empregadores e sinala que agudiza.. a toma de posesión do Sr.Alcalde dende hai preto de tres anos xa non para motivar o extremo rigor da supresión da adicación proposta, di que carece de toda racionalidade pagar dous soldos para facer o mesmo, o Sr. Alcalde e a persoa de confianza, segue dicindo que xa que se negou ao debate sobre a supresión do posto de confianza con ocasión de debater o orzamento para o exercicio 2014, sinala que agora cómpre suprimir a súa adicación do Sr. Alcalde e a súa retribución e sinala que o destino dos aforros tamén xustifica de seu esta decisión e sinala que as contías que cobra resultan obscenas se teñen en conta as necesidades da poboación; a estes efectos os aforros conseguidos serán destinados a plans de investimentos que serán aprobados polo Pleno e ademais das competencias municipais propias nos termos dos arts.25, 26 da lei de bases de réxime local e demais disposicións de xeral e concordante aplicación e ademais dos principios de autonomía municipal e sinala que conforme ao art. 25 da lei e sinala que por outra banda neste documento poderase que como o estatuto da función pública lle garantiza o permiso retribuído no seu no seu posto de traballo como profesor para atender asuntos públicos inaprazabres poderá acudir as labores institucionais que requiran a súa presenza desta maneira sempre garantindo que desenvolvera a representación institucional do concello de vimianzo; manifesta que despois vai darlle unha copia á Sra.secretaria para que conste en acta.

O Sr. Alcalde, sinala que consta en acta o que acaba de ler porque dille que son os folios que presentaron para a solicitude do Pleno e preguntalle se acabou de ler e a Sra.Rodríguez respóndelle que sí.

O Sr. Alcalde a continuación dalle a palabra ao portavoz do PSdeG-PSOE, Sr.Miñones:



Concello de Vimianzo

O Sr. Miñones dalle as grazas e dí que o partido socialista no seu momento doulle o apoio a que o Sr. Alcalde tivera unha adicación exclusiva porque pensaron que o requiría este Concello con catorce parroquias; segue dicindo que sempre houbo alcaldes con adicación e concelleiros e indica que incluso el e entende que este concello necesita un alcalde con adicación exclusiva polo que manifesta que poden ter dúbidas sobre si o soldo e grande ou non e manifesta que o partido socialista doulle o apoio a adicación exclusiva e sinala que o vai a seguir mantendo.

O Sr. Alcalde dille ao Sr. Miñones que lle agradece as súas palabras e dalle a palabra a portavoz de IxV se ten algo que dicir; que manifesta que non .

A continuación dalle a palabra ao portavoz do PP, Sr.Amado; que manifesta que considera que está suficientemente motivado e que non hai máis que motivar.

A continuación dalle a palabra ao portavoz do BNG, Sr. Mancebo;
(ruido do público)

O Sr. Alcalde dille a Sra.Rodríguez que lle deixe dirixir.

A Sra. Rodríguez dille que ela si o deixa pero pídelle que o faga con todo o mundo por igual

O Sr.Alcalde sinala que o fai con todo o mundo por igual e procura que se lle escoite a todo o mundo e solicítalle ao público que respete as intervencións.

A Sra. Rodríguez agradécello.

O Sr. Alcalde manifesta que non é el o que está no corpo e na cabeza de cada quen e di que cada quen actúa libremente e pide que se leve isto con xeito.

Dalle a palabra ao Sr. Portavoz do BNG,Sr.Mancebo; que manifesta que de todo o que acaba de ler a portavoz de IxV só hai unha verdade e é que houbo unha moción de censura fallida, é di que iso sí é unha verdade o resto é unha panplina que un tomando uns viños ou unha cervezas está ben si o conta pero como recentemente saíu na prensa a oposición, dí que os números son moi duros neste concello e sinala que creo que o Sr.alcalde non merece que se lle acabe o soldo, merece que se lle aumento o soldo e dí que van dicir porque, e expón que nos últimos anos do anterior goberno a débeda deste Concello subiu en tres millóns de euros; nos últimos cinco anos do anterior goberno e sinala que non son inventados, e indica que houbo un préstamo coa entidade BBVA por importe dun millón de euros, un préstamo coa entidade banco Santander por 702.000 mil euros, un préstamo de Caixabank por 739.000 euros, máis un exceso de gasto das asignacións do estado de 197.502, 137.328, máis unha Casa de Cultura que sinala que todos saben quen a cobrou pero que indica que os cartos tivose que pagar por eles, máis os intereses da casa da cultura, máis gastos da Casa de Cultura, máis outras obras especiais da Casa de Cultura. Prosegue dicindo que, cando chegaron, a débeda deste Concello superaba amplamente os tres millóns de euros; sinala que practicamente levan dous anos aquí porque o primeiro cando chegaron xa estaba todo vacío e dí que practicamente o que quedaba era para pagar as nóminas dos funcionarios, pagar as

facturas de luz, subministracións e pouco máis. Segue dicindo que a 31 de decembro deste ano-acota que non o dí el senón o informe de intervención que levaron para os orzamentos- a débeda do concello está en 1.315.000, é dicir, máis dun 1.700.000 euros de redución de gasto en practicamente dous anos e medio. Segue dicindo que non é que sexan uns fenómenos, nin magos pero di que con eles iso non pasa e di que isto non vai pasar nunca con eles, e refírese a unha noticia que saíu no diario El País, o 24 de abril do ano 2009 onde denunciaban que o anterior alcalde, o Sr. Rodríguez Lema, adxudicaba a unha empresa que se chama Rodríguez Lema, S.L. contratos por máis de 500.000 euros; segue explicando que isto dou lugar a unha denuncia; o que denunciaba a periodista e que se chegaban a pagar ata un 165 % por enriba do prezo de mercado da Costa da Morte por un saco de cemento, un 92 % máis por hora de traballo dunha grúa ou ata un 221 % por un bote dun kg de pintura de caucho cor tella do país. Prosegue a súa explicación dicindo que isto provocou por parte da empresa unha denuncia á periodista (refírese á Sra. Rodríguez para dicirlle que pode rirse e ela dille que vai chorar) O Sr. Mancebo continua dicindo que a periodista non só foi absolta senón que a Sentenza -que sinala que se pode localizar en internet- sentenza 464/2012 da Audiencia provincial da Coruña explica que ven a dicir que os datos que dí a periodista son certos absolva a periodista ponlle as costas do procedemento a Rodríguez Lema, S.L., sinala que vai ler textualmente o que dí: Los precios correspondientes a la arena existen incrementados en porcentajes del 34 al 44 %, en relación con el cemento el saco de cemento sufre un incremento do 95%, el saco de cemento de 35 Kg se incrementa un 25%, el saco de cemento blanco en un 48 %, el saco de mortero blanco en un 131 % (acota o Sr. Mancebo que máis do dobre) el saco de cemento gris en un 168 %, polo que el porcentaje original del artículo si es cierto en algunos conceptos de la partida cemento el porcentaje de incremento (sigue a sentenza) del bote de pintura de caucho teja del país es de un 221% , y el alquiler del precio de la grua es de un 92 % ; O Sr. Mancebo segue dicindo que, por eso cando un Sr., que precisamente falta hoxe, xa que é fácil o que van facer os que queren retirarlle, dunha forma ilegal, de retirarlle a adicación ao posto da Alcaldía poden estar prevaricando e este Sr. como é funcionario sabe o que se se xoga e indica que é o máis intelixente da oposición por non asistir e continua sinalando que aos outros non lles fai falta cobrar porque si de 500.000 teñen a metade pola metade, sinala que 300.000 son limpos e non lles fai falla cobrar soldos do concello; e segue dicindo que este é o segredo dos orzamentos deste ano, os orzamentos dun alcalde que é, xunto o que poidamos aportar os demais o que levamos feito durante este dous anos e medio. Continua dicindo que pódese preguntar aos traballadores e funcionarios deste concello que nos ven aquí pola mañá, pola tarde, ata as tantas, aos veciños, os sábados os domingos e di que se esta traballando totalmente con desinterese e di que son o Concello da Costa da Morte que teñen menos adicación no Concello e di que non esperaba nada duns transfugas, de IxV tampouco porque no seu caso son herencia pero o PP como xustifica que en Ponteceso haxa 8 adicacións no concello, como xustifica que os concellos onde gobernan teñan tres, catro e cinco adicacións e aquí parece que está todo explicado, e sigue dicindo que non está todo explicado e di que este alcalde non se merece unha retirada de soldo senón que se merece un incremento. E sinala que neste Concello, di que houbo unha, dúas e catro adicacións tradicionalmente, noutras ocasións anteriormente e segue dicindo que non existe un Concello como o noso con esta poboación que estea sen a adicación do Alcalde e segue dicindo que el sempre defendio que o que se adica á política con adicación exclusiva ten que recibir un salario, sinala que a cuestión non é se recibe máis ou menos salario, dí que a cuestión é que se unha



Concello de Vimianzo

persoa fai ben o seu traballo esta acreditado con estes números, polo que indica que non existe xustificación para retirar o soldo. Prosigue dicindo que o que existe é unha situación de revanchismo, que probablemente existe un nerviosismo porque falta menos dun ano para as próximas eleccións, que hai unha oposición que él cre que vai desaparecer do mapa, e que hai unha oposición que se non leva vinte e cinco querellas, vinte denuncias están intentando sabotear a secretaría, dí que pensaban que se chegabamos sen secretaria igual nos comían, e dí que o que están e boicoteando as distintas inversións dos veciños, boicoteando a unha serie de granxeiros que teñen máis de dous meses os proxectos paralizados e están a piques de perder a subvención por culpa desta oposición.

Continua dicindo que se falan de salarios, sinala que non todos os salarios que se cobran neste Concello non son deste Goberno, pois están bloqueados por normas de ámbito superior a eles, que neste momentos non son deles e dilles que porque falan de adicacións se o posto de arquitecto deste Concello por mes efectivo de traballo nun equivalente a corenta horas semana supera os seis mil euros e que o posto da traballadora social por mes efectivo de traballo nunha equivalencia a corenta horas -para que todo o mundo compare con él- a semana supera o coste dos 4.500 euros ao mes e dille que lle falan de costes e se queren aforrar que fagan unha rebaixa para todo o mundo e manifesta que que é iso de que o Alcalde veña aquí mendigando e sinala que afortunadamente o Alcalde non vai morrer de fame, sinala que van seguir traballando con salarios ou sen salarios pero di que o quere deixar claro e que isto é unha situación de revanchismo, simplemente de enquina porque non saiu adiante a moción de censura e dí que parece que foron eles os que os ataron un día cunha corda e que algunhas veces lle da vergoña algunhas das cousas que se poñen nas demandas que lles presentan e dí que evidentemente teñen a conciencia moi tranquila e dí que neste sentido non existe motivación para retirar o soldo o Alcalde e que os argumentos non poden ser os dous primeiros parágrafos moi bonitos para un tebeo.

A continuación o Sr. Alcalde dalle a palabra aos concelleiros non adscritos, a calquera deles ou aos dous.

Intervén o Sr. Rodríguez, é dille que hai motivos suficientes e que en primeiro lugar el tiña unha proposta que quería presentar para que o Sr. Antelo a tivera, senón fora completa sería parcial pero como non deixou. Segue dicindo que di que non vai cobrar, que vai traballar. Prosigue dicindo, que como acaba de comentar, non é que lle presenten denuncias os da oposición senón que os veciños o están denunciando. (ruído)

O Sr. alcalde pídelle silencio ao público

Prosigue o Sr. Rodríguez dicindo que seguro para os que están aquí si pero para outros non (dirixíndose ao público dille que non fala deles que fala dos veciños de Vimianzo).

O Sr. Rodríguez que non ten máis que comentar.

O Sr. Alcalde, pregunta se alguén quere decir algo máis e non habendo máis manifestacións, O Sr. Alcalde indica que quere dicir varias cousas, que en primeiro lugar xa que fala dos veciños de Vimianzo, dí que non o moven os cartos aínda que sinala que lle da moita tristeza que dean este espectáculo para todo o mundo e que lle da tristeza que se ataque polo que é básico que é o comer de cada día e dí que evidentemente o

sacar unha adicación exclusiva vai ter consecuencia porque explica que é funcionario de educación e está en servizos especiais e no momento en que non ten adicación exclusiva ten un mes para incorporarse ao servizo activo senon perde a súa praza e explica que evidentemente non vai perder a súa praza pero explica que sí vai procurar atender aos veciños de Vimianzo, se isto vai adiante, sinala que polas mañás estará o Concello pechado, a alcaldía, pero sinala que procurara pola tarde habilitar momentos para atendelos ou como vimos facendo sen ningún tipo de problema, porque, dí, que lles move Vimianzo, porque lle queren ao seu pobo, sinala que lle querían cando estaban na oposición, que lle queren agora no goberno, e que queren o mellor para Vimianzo e nese sentido queren actuar coa lexitimidade que lles deron as urnas e sinala que é Alcalde grazas aos veciños de Vimianzo que decidiron que o seu grupo fora o máis votado e explica que intentaron un acordo co partido socialista que non foi posible e explica que o problema de que non fora posible ese acordo -sinala que están presentes os tres membros que eran do partido socialista- precisamente unha adicación exclusiva, e di que a Sra.Vázquez pedía unha adicación exclusiva e sinala que como non estaban dispostos a dar tres adicacións exclusivas conxelouse a negociación, e o partido socialista incumpriu o acordo e explica que saíu alcalde por ser a forza máis votada e dí que teñen documentos como os teñen eles. E reitera que tres adicacións parciais para que se saiba. Segue dicindo que lle doe que unha persoa que estivo cobrando sempre do Concello de Vimianzo, que cobrou máis de 200.000 euros, o Sr.Rodríguez, que veña con unha actitude de despeito a dicir que Vimianzo non merece un alcalde con adicación é indica que iso é unha barbaridade, e indica que eso é despeito.

O Sr. Rodríguez, preguntalle se dixo el iso.


O Sr.alcalde pídelles que porfavor non o interrumpa que el non o interrompiu.

O Sr.Rodríguez pídelles perdón.

O Sr.Alcalde dílle que non o interrompiu que tivo a oportunidade de dicir o que quixo

O Sr.Rodríguez, dílle que non lle deixaron.

O Sr.alcalde dílle que iso non é certo e di que non lle parece decente que unha persoa que estivo cobrando máis de 200.000 euros durante oito anos e con él no goberno, que estivo dous meses, que tivo adicación e sinala que agora por capricho, porque fracasou a moción de censura o queira censurar deste xeito e di que non o censurarán porque seguirá sendo alcalde de Vimianzo e di que se queren presentar a moción de censura, que o fagan mañá mesmo, que a presenten, e dílle que maña e festivo, que teñan coidado que está prechado. Continúa dicíndolles que presenten a sentenza testimonial, que a teñen, e dílles que a presenten, que se convoca o Pleno da moción da censura e dílles que a presenten e dílles que convoca o Pleno da moción de censura e dílles que a presenten xa, que non anden enredando con eles e dílles que non queren o ben do concello e dílles que o que queren é unha moción de censura sen celebrar o Pleno da moción de censura e di que saben que é fracasada porque son tráfugas, e di que os botaron do partido porque traicionaron ao partido e traicionaron aos votantes e dílles que esa é a realidade e segue dicindo que como non poden presentar a moción de censura, non queren presentala no rexistro, porque é certo que teñen unha sentenza que di que a



Concello de Vimianzo

poden presentar en calquer momento e teñen que convocar ese Pleno e dilles que si a teñen dende fai mais de catro ou cinco meses e dilles que a presenten e que así xa se resolve todo isto e dilles que é iso o que teñen que facer.

Segue dicindo que lle liu o informe que di que non vale censurar ao alcalde quitándolle o soldo, e di que ao alcalde se censura cunha moción de censura e indica que iso é o que hai que facer.

E segue dicindo que lle da pena que a representante dunha empresa, Manuel Rodríguez Lema, que está de concelleira e cobrou un millón de euros que se pagou a esa empresa por sentenza xudicial por obras feitas sen procedemento e que indica que están imputadas oito persoas no xulgado de corcubión, entre elas dille que o pai e o tío da Sra. Rodríguez e o arquitecto municipal e dille que non veña dar leccións dunha ética que nunca tivo, absolutamente ningunha e segue dicindo que cando chegaron a alcaldía o 11/06/2011 dille que o concello de Vimianzo, presidido polo tío da Sra Rodríguez tiña un contrato con Rodríguez Lema de exclusividade para subministrar materiais de construción e estaba o contrato agotado a día 11/06/2011, e dille que leccións de ética lle pode dar que fixeron unha manobra para obter unha licenza para unha nave ilegal, e explica que de feito o Consello consultivo acaba de recomendar ao Concello de Vimianzo que anulen esa licenza porque esa licenza está mal concedida e dille que foi o que fixeron. Continua dicindo que o que é preocupante, que na visita de comprobación na acta aparece a firma da Sra. Rodríguez e a do arquitecto municipal situando a nave en sitio distinto de onde está na realidade e dille que é unha cuestión que non lle vai a afectar porque prescribiu ese delito e dille que iso é dille que a falsificación dun documento para beneficiarse e sinala que é indecente o que están planteando e dilles que non poden dar leccións de ética ningunha, absolutamente ningunha, porque Vimianzo ten recordos e di que non se lle pode acusar de perseguir a ninguén porque lle di que se vai querelar contra ela porque ese é un delito. Sigue dicindo que cando se limpaban os arrós a súa casa sempre se deixaba coas silvas e dille que iso o beneficiou moito porque os veciños non entendían iso, ese tipo de discriminacións e dille que se lle fala doutras cousas dille que se poñería colorada e ata tería que marchar, e dille que non lle veña a dar leccións de ética e dille que sete non sempre son máis ca catro e dille que se presenten todos nunha lista e dilles que non son sete mais ca catros e que traizoaron os electores.

Continua dicindo que o partido popular anunciou a expulsión destes dous Sres-referíndose aos concelleiros do PP-e di que están á espera e dí que lle contaron que teñen un expediente aberto que só o coñecen eles e a dirección galega do PP e segue dicindo que non lle digan que sete son máis ca catro porque non é certo porque dilles que se presentaron por partidos distintos pero dilles que nas próximas eleccións e animaos a traballar a que se presenten e dilles que lle encantaría competir cos sete nunha lista e dille que iso é o que teñen que facer .

Segue expoñendo que cree que hai cousas que non son de recibo e dilles que deberían preocuparse e que non o poden acusar de non convocar a ninguén as mesas de contratación e dilles que saben que quen nomea os membros da mesas de contratación é o alcalde e di que xenerosamente e a pesar de todas as críticas que lle fan e da súa actitude nas mesas de contratación dí que porque él quere está na mesa de contratación e que senon quixera non estaría e segue dicindo que non quere que estea o Sr. Rodríguez e por iso non está e explica que é o seu dereito a poder decidir iso e sinala que por iso non está conculcando o dereito do Sr. Rodríguez ; e sinala que o Sr. Rodríguez pode dicirlle que quere estar na mesa de contratación pero dí que é el o que decide e

manifesta que lle dí que non porque é unha decisión súa e dí que se quere a explica despois máis polo miúdo.

Segue explicando que en canto á negativa a convocar plenos extraordinarios iso non é certo, porque dilles que aquí están e que outras veces están pero manifesta que hai cousas que non se poden traer ao Pleno porque non son competencia do Pleno e dilles que non é que o diga un informe dunha secretaria senón que o dí un informe dunha Deputación e di que por iso non se traen ao Pleno e dilles que o alcalde non actúa por capricho e dilles que o alcalde ten que actuar con informes e manifesta que bota en falta moitos informes porque é unha decisión de moita importancia. Sigue dicindo que intentan gobernar dende o Pleno e sinala que iso non se pode facer porque o Pleno ten as súas competencias e as súas decisións e un alcalde non pode usurparlles as competencias dun pleno, dí que o alcalde non pode aprobar por sí mesmo o orzamento, por pór un exemplo e sinala que o ten que traer o Pleno, que o ten que debatir o Pleno pero segue dicindo que tampouco pode o Pleno decidir sobre as competencias do Alcalde e indica que non se pode gobernar dende o Pleno e sigue dicindo que por sorte os Sres. Concelleiros presentaron unha queixa no Valedor do Pobo e sinala o Valedor fixo unhas recomendacións para todo o mundo e entre esas recomendacións dixo que no punto de mocións os acordos non obrigan por iso non se convocan os Plenos periodicamente porque se adoptou nun punto de mocións e explica que ten un informe do Valedor do Pobo e da secretaria nese sentido.

E segue dicindo que se queren que haxa plenos todos os meses dilles que fagan o que fixeron agora, que ven no seguinte punto, e dilles que soliciten un pleno extraordinario como é debido e di que por iso non pode deixar que se leven mocións que non corresponden no punto de mocións, e di que non é unha dictadura do alcalde e sinala que si queren adoptar un acordo de competencia do Pleno teñen que promover un pleno extraordinario tal e como se fixo deste vez. E sinala que cree que non está ben que se lle acuse de perseguir a veciños e empregados porque iso é unha acusación moi grave, di que é un delito. E sinala que non sabe se se refire a uns expedientes disciplinarios que se abriron contra dous traballadores deste concello e que sinala que intentaron levar coa máxima discrección e dilles que foron eles quen o airearon nos periódicos, nos medios de comunicación, os trouxeron aos Plenos e dilles que parece que é o que os motiva. E segue dicindo que non sabe como acabara a cousa pero sinala que derivados deses dous expedientes, explica que eses dous funcionarios están imputados no xulgado de Corcubión polos feitos aos que se refiren eses dous expedientes e sinala que a obriga do alcalde é que si un traballador non cumpre, que si un traballador o esta facendo mal o seu traballo, que se un traballador non lle cobra a auga como non lla cobrou a vostede ou a súa empresa-dirixese ao Sr. Rodríguez e a Sra. Rodríguez Ordoñez.

Interrumpe a Sra. Rodríguez Ordoñez para dicir se ten probas

O Sr. Alcalde di que se un traballador non cobra a auga...

Interrumpe o Sr. Rodríguez solicita que conste en acta que o Sr. Antelo acaba de dicir que ese funcionario non cobrou a auga.

A Sra. Rodríguez solicita que o seu tamén conste en acta e pide probas.

O Sr. Alcalde sinala que vai ser máis riguroso e dille que se o encargado de ler os contadores lle pon lectura cero ao seu contador e máis ao seu-refírese aos concelleiros.

Interrumpe o Sr. Rodríguez para dicir que agora xa recuando.

O Sr. Alcalde sinala que evidentemente si di que poñer a cero significa que non se lle cobra a auga.



Concello de Vimianzo

O Sr.Rodríguez dille ao alcalde que dixo que non pagaba a auga e que o acababa de dicir.

O Sr.Alcalde, di que evidentemente non paga a auga que consume e ratifícome.

O Sr.Rodríguez volve solicitar que conste en acta.

O Sr. Alcalde dí que senón que lle digan o que ten que facer se resulta que ademais a empresa, negocio desa señora-refírese a Sra.Vázquez-está utilizando auga municipal e ata o ano pasado non se fai o enganche.

A Sra. Vázquez dille que teñen pagado o enganche fai dous anos.

O Sr. Alcalde preguntalle canto teñen consumido.

A Sra. Rodríguez Ordoñez di que o que buscan é expulsalos e que se teñen que relaxar e dille que é verdade porque busca expulsalos.

O Sr Alcalde dille que é tanta verdade como que a súa empresa

A Sra. Rodríguez Ordoñez dille que o demostre.

O Sr.Alcalde segue dicindo que están ahí os recibos que lle pasaron e os informes dos responsables de auga e a súa empresa tivo que pagar máis de catro mil euros nun recibo e dille que nunca se leu o contador ata que chegou el e indícalle que o di así e que sabe que se dixera mentira levaríao a un xulgado e dille que llo esta dicindo así de claro e dille que o sabe ela perfectamente e dille que o que non se pode é darlle a volta ao proceso que estamos vivindo en Vimianzo e dille que en Vimianzo acabouse o réxime anterior e di que durou 25 anos e dille que agora están noutro tipo de políticas e di que chegou a pensar que se podía falar coa Sra.Rodríguez.

A Sra. Rodríguez dille que ela tamén.

O Sr.Alcalde prosigue dicindo que chegou a ter reunións coa Sra.Rodríguez e varias co seu pai e dille que lle resultou moi difíciles pero que as tivo e dille que creiu no seu pai porque sinala que ten un defecto que é unha persoa ás veces inxenua e dille que creiu que cando era de pagar a casa de cultura no 2011, que se lle propuxo que como nese momento non podían pagar os 740.000 euros porque non se podía pagar o crédito dixoselle que se ía tratar de non gastar para ter aforro positivo e para poder pedir un crédito e o explicamos aos veciños e dixoselles que non se ía pagar nada do 2011 e non se gastou e conseguíuse aforro positivo e pediuse un crédito e se pagou pero mentras tanto se ofreciu a posibilidade dun crédito ICO que se trouxo a este Pleno e que se aprobou, de 300.000 euros e dille que cando lles tocaba a súa parte en lugar de presentar a factura dille que os vacilan con un orzamento, unha factura proforma, que non é un presuposto e dille que os vacilan e o Sr. Alcalde manifesta que enganado estaba . Segue dicindo que tiveron moitas ocasións de falar e poñerse de acordo e se puxeron de acordo pero para o outro día xa se desfixo o acordo é "donde dixen digo, digo Diego" e dille que dende logo ten moi claro que coa Sra. Rodríguez non íría a ningún sitio e segue dicindo que despois de ter este trato con ela, de coñecela e evidentemente con máis xente que hai aquí manifesta que exactamente igual.

O Sr. Alcalde continua dicindo que o que lle alucina é o partido popular porque diga aquí unha cousa e noutro sitio diga outra e manifesta que non sabe o que opina o alcalde de Fisterra, e pregunta se o alcalde non ten adicación exclusiva, se o alcalde de Mazaricos non ten adicación exclusiva, se a alcaldesa de Cee non ten adicación exclusiva pola Deputación, se o alcalde de Ponteceso non ten adicación exclusiva máis os sete restantes concelleiros, se o alcalde de Coristanco non ten adicación exclusiva e pregunta

que política defenden e di que lle gustaría saber que o Sr. Feijoó dera unha explicación disto e pregunta se Vimianzo non merece ter un goberno e segue dicindo que non é o soldo do Sr. Antelo porque manifesta que el supón que se o luns presentan a moción de censura, vai adiante e sae alcalde o Sr. Rodríguez non cobrará e sigue dicindo que non lle están quitando o soldo o Sr. Antelo senón ao alcalde de Vimianzo, sinala que lle están dicindo os veciños de Vimianzo que non vaian polo Concello que non hai alcalde porque o alcalde non se pode adicar as labores do Concello e sinala que iso é o que lles están dicindo e prosigue que dicindo que vain os sete as eleccións xuntos, que vain a pedir o voto porta por porta e que vaian dicir que isto foi o que fixeron por Vimianzo e o alcalde que non se adique e dilles que ven moita xente por aquí porque precisa plantexarlle cousas ao alcalde, porque necesita que o alcalde xestione asuntos, unha simple firma, e explica que de feito os funcionarios teñen orde de que se estamos reunidos e se hai un asunto urxente, que alguen necesita un certificado urxente, que entre na reunión que se lle asina, non se vai poder facer porque o alcalde non vai poder estar polas mañás e sinala que estará polas tardes se o seu horario o permite e di que iso lle parece indecente e sinala que cree que vai contra toda xurisprudencia e vai contra toda lei e sinalalles que eles aló co que teñen que facer. E di que o máis listo o SR. Soto e que irá na lista do PP, e segue dicindo que é o máis listo porque lles dí que se siguen adiante con isto, aparte de que o luns sinala que xa o van recurrir, e por todas as vías, as derivacións penais van ser importantes porque o di o informe da Deputación que se está comentendo unha ilegalidade e dilles que o lean ben, e explica que non vale censurar ao alcalde quitándolle o soldo e dilles que presenten unha moción de censura e dille que se vai complicar porque se causa prexuízo o Concello de Vimianzo, porque lle causa prexuízo a este Sr., e lle causa prexuízo aos veciños de Vimianzo. Continua dicíndolles que sigan así dilles que falan de xudicialización, é certo, e dille que fala con toda alegría que a persoa de confianza, a secretaria do alcalde, persoa de confianza e que cesa cando cesa o alcalde, que non é un posto de traballo; manifesta que claro que está xudicializado e dilles foron eles os que presentaron a denuncia e dille que lle están complicando a vida aos funcionarios e segue dicindo que se as denuncias que presentan dúas ou tres persoas se son incitadas desde determinados sitios, pagadas dende determinados cartos e dille a Sra. Rodríguez que a súa empresa chegou a presentarlle unha denuncia penal ao Sr. Alcalde dicindo que non lle pagaba o da casa de cultura, o da sentenza xudicial, cando estaban facendo os trámites do préstamo e dille á Sra. Rodríguez que o sabía porque ela esta aquí e sinala que a súa empresa para presentar esa denuncia empregou informes que lle pasan a eles e que non debían utilizar e utilizaronos para dicir que é certo que pagaba as nóminas dos traballadores con advertencia de intervención de que hai que pagarlle a esta empresa senón pode ser nulo e segue dicindo que na vida, na política hai que arriscarse se cree en algo máis que nos cartos e indica que os cartos que o manteñan pero que non o obsesionan e sinala que non quere propiedades que quere vivir e dille que eles pretendelle negar o dereito a compatibilizar a súa vida co cargo de alcalde e sinala que é indecente.

A continuación o Sr. Alcalde pregunta se alguén quere intervir.

A Sra. Rodríguez Ordoñez dille ao Sr. Alcalde que el fai o seu papel de vítima e dille que se segue cinco minutos máis igual acaba enamorada e dille que acaba de contar a súa verdade e dille que cando queira saque as probas que teña que sacar e sinalalle que o único que o Sr. Alcalde quere é vender a súa verdade e que como se ve nesta situación, esa enquina, ese



Concello de Vimianzo

veneno, que leva tres anos gobernando e dille que trata de desengralos a nivel político e persoal. Segue dicíndolle que presume de que mira polas empresas de Vimianzo, poderíalle nombrar moitas os que esta metendolle o pe enriba da cabeza e dille que as cousas xa non están fáciles e dille que se adica a iso e dille que xa son as 10 e media da noite e que cando queira noutro momento fan una exposición disto e dille que xa busca a hora para propiciar esta situación.

Continua dicindo que se fala de prexuízos manifestalle que quen pode falar máis e sinalálle que ten probas do que esta facendo e dille que cando teña algo que dicir o manifeste con probas e non o conte como o quere contar porque as súas verdades non son, e dille que o que tiña que facer e respetalos e dille que se colle un calendario e comeza a marcar datas pódese demostrar perfectamente cando e como actuou e dille que é casualidade que certas cousas que iniciou sexan despois de, e casualmente os que encontran de fronte e dille que pode utilizar noticias manipuladas por vostedes no seu día, dille que cumpriu una sentenza como terá que cumprir outras moitas ou como terá que cumprir ou como terán que cumprir os outros e dille que pode facer o papel de vítima que queira e dille que o Concello de Vimianzo merece un alcalde, un alcalde con adicación, con retribución un alcalde que mire por todos e dille que na política non ten porque organizarlle a súa vida e dille que no seu día tomará a súa decisión.

(Fala o público)

O Sr.alcalde pide silencio

A Sra. Rodríguez dille que se fora outra persoa fai media ou una hora que estaría expulsada e dille que grazas polo respecto e dille que son todos iguais.

O Sr.alcalde volve solicitar silencio.

A continuación intervén o Sr.Mancebo para sinalar que hai numerosa xurisprudencia precisamente deste ano por un caso similar do Concello de Podeiro onde ao alcalde tamén lle retiraron a adicación exclusiva e sinala: denunciou estos acordos por la vía penal y la contenciosa logrando la suspensión cautelar y ahora el tribunal de lo contencioso ha sentenciado su.. en el caso de la retirada del sueldo se considera que los concejales fueron mas allá de su capacidad decidiendo sobre las retribuciones concretas sino que lo que se pretendía era censurar la labor del alcalde al retirarle el sueldo a el personalmente pero al dejarlo sin puesto el juez interpreta que los seis ediles realizaron una desviación de poder-e isto é un delito, acota o Sr.Mancebo-como les aviso el secretario en su informe.

E di que quere que conste en acta de a proposta deste punto se retire do orde do día posto que falta informe de habilitado nacional precisamente pola denuncia presentada polos membros da oposición ante a dirección xeral e ante a evidencia de que non está motivado según art. 54 da Lei 3/1992 e que estamos ante una clara situación de desviación de poder.

A continuación o Sr.Alcalde sinala que van a abrir un terceiro turno

A Sra.Rodríguez, dí que tamén pide que conste en acta que toda a argumentación para esta decisión presentaremos una copia a secretaria para que conste en acta, que foi una parte do que estivo lendo e que tamén que conste en acta que se privou inxustamente de presentar una emenda que cree que era una xustificación dado que este informe leva nas suas máns escasas 24 horas .


O Sr. Alcalde preguntalle ao resto de concelleiros se queren intervir, non habendo intervencións

O Sr. Alcalde dí que quere manifestar dúas cousas; é di que en primer lugar todo o que dí esta documentado, todo o que dixo da Sra Rodríguez e dille que cando foi a moción de censura acusouna de ter una nave ilegal e que a Sra. Rodríguez lle dixo que tiña licenza e explica que era certo que tiña licenza pero que a licenza estaba mal concedida porque se ubicou no proxecto a nave en sitio distinto ao que está na realidade e dille que porque ela e o arquitecto municipal asinaron a acta de comprobación dicindo que a nave estaba en fronte da súa casa cando está no medio do monte e dille que se estivese en fronte da súa casa claro que tiña licenza pero como estaba no monte non podía tela por iso dille que o Consello Consultivo dictaminou a favor de anular esa licenza e que é certo que presentaron un contencioso ao respecto.

Prosigue dicindo que ao edificio de Pulidos lle incoamos un expediente de reposición da legalidade e explica que lle presentaron una denuncia contra o veciño do lado para que limpara o monte, e explica que xa tiña limpada a zona urbana e sinala que despois tiña que limpar toda a franxa cara arriba e explica que aquela zona é toda rústica e sinala que o informe do arquitecto municipal dicía que cumprindo a lei de montes tiña que limpar e explica que lle pediu ao arquitecto e que aínda está esperando, que indicara a calificación urbanística das súas propiedades porque se un ten una casa ilegal ten dereito a que lle limpen arredor pero ten que pagar ten que indemnizar o propietario e segue dicindo que é certo que lle abriron un expediente de reposición porque no mes de novembro se lle acababa a licenza e pediron una prórroga e douselle trámite e explica que o arquitecto municipal fixo un informe e, sinala que non se lembra da data do mesmo, e sinala que ela o sabe, poque pediu una copia de todo o expediente e teno, e segue explicando que o informe dicía que tiña dous metros de mais de altura, dous metros de mais de fondo que tiña as escaleiras en lugar de ser por diante por detrás que a forma do Tellado era a dúas augas en lugar de como estaba proxectado, etc. E segue dicindo que é certo que presentaron alegacións e que o arquitecto municipal ten que explicar como ten un negocio funcionando nun edificio que está en obras e sinalalle que non sabe a cantidade de xente que ven a pedir licenza e sinalalle que ten o edificio acabado por fora e non por dente e que no baixo quere por un negocio e indica que non pode ser e que ten que presentar o certificado final de obra e preguntan que como non poden e outros si porque esta á vista de todo o mundo e indicalle que iso hai que aclaralo.

E segue dicindo que como se invirten as cousas e que se sinte coaccionado á hora de traballar e con moitísimas dificultades e di que agora entende porque un se parte o peito en defender cousas imposibles de funcionarios que están imputados ao respecto desas causas e sinala que ala cada quen coas súas decisión e coas súas responsabilidades.

A Sra. Rodríguez solicita un último turno e manifesta que quere aclarar que son seis e un que non pudo vir, pero que tamén e ruín malo sinala que non sabe cales son os calificativos que lle poden dar e segue dicindo que o Sr. Alcalde é único perfecto e felicítalo pola súa perfección. E dille que cando fale da nave fale con propiedade e cando fala do consultivo fale con propiedade e dille que firmaron una moción de censura que se firma o día un ou dous e dille que o día seis aprobouse o primer expediente urbanístico en Vimianzo, casualmente a empresa onde traballa una das concellerías que firmou e manifesta que é una casualidade e que levaba dous anos no goberno e que se acordou o día seis e dí que é todo fruto da casualidade. Segue dicindo que o Sr. alcalde fala da nave e do monte e dille que porque non fala do que realmente tramitou dunha licenza que



Concello de Vimianzo

nunca tiveron e que non teñen e preguntalle porque non fala das cousas para que poida vender o publico dramatizando.

E segue dicindo que non os trata de corrupto, que de corruptos terao que dicir un xuíz cando o diga e dille que os respete un pouquiño porque son persoas humanas, traballadores coa súa familia e di que poden ser mellores ou peores, mais guapos ou mais feos pero merecen un respecto e pídllo porque cree que o Sr.Alcalde como presidente da mesa tería que estar dando exemplo e reitera que son persoas e que non lle esta dando o respecto que se merecen. E entende que o Sr.Alcalde agora esta doído non esta de acordó con esta acción, di que eles querían presentar una emenda porque vendo as cousas quería ratificarse e dille que o Sr.Alcalde non quixo que só quere ir polo lado vengativo radical.

O Sr.alcalde dille que é certo que revisaron o seu expediente porque el manifestou que tiñan una nave ilegal porque non lle cabía que podían ter una licenza para una nave en solo rústico de protección forestal e explica que a Sra.Rodríguez lle indicou que era mentira e que tiña licenza ao que o Sr.Alcalde sinala que era certo e explica que esa licenza que tiña anulouse polo Consello Consultivo e indica que o sabe dado que presentou un recurso.

A Sra.Rodríguez pídlle que aclare o que esta dicindo

O Sr.Alcalde dille que lle volve repetir que tiñan una licenza.

Interrumpeo a Sra.Rodríguez para preguntarlle para que era a licenza e dille que non ven aquí para contar a súa vida persoal nin particular e que se ao Sr.Alcalde lle encanta difundila pídlle que difunda a verdade.

O Sr.alcalde respóndelle que el non se adica a meterse na vida da xente.

A Sra.Rodríguez dille que menos mal.

O Sra. Alcalde pídlle que non interrumpa para que así poidan acabar.

E Segue dicindo que quérelle dicir dúas cousas e sinalalle que todos teñen familia e dille que en privado si o acepta lle conta unas cantas cousas

A Sra.Rodríguez dille que cando queira.

O Sr.alcalde continua dicíndolle que cando queira, en privado, lle conta unhas cuantas cousas sobre as familias, sobre a súa e a da Sra.Rodríguez.

A Sra.Rodríguez dille que queda a súa disposición.

O Sr.alcalde dille a Sra.Rodríguez que a acaba de coñecer, dende que é concelleira, e dille que lle parecía una persoa intelixente ee que estaría disposta a traballar porque explica que a Sra.Rodríguez foi falar con el para dicirlle que estaba disposta a botar una man.

A Sra.Rodríguez dí que é certo.

O Sr.Alcalde prosigue dicindo que ao final se vexa como acabou todo e segue dicindo que acaban de aprobar o DTC e que o grupo da Sra.Rodríguez fixo una proposta e que a incorporaron e sigue dicindo que é un inxenuo e que non é rencoroso e que se esquece das cousas, que é un problema que ten e dille que iso lle axuda a vivir e seguelle dicindo á Concelleira que dado que lle

acaba de propor quitarlle o soldo, que peche a alcaldía polas mañas e que non atenda aos vecinos, polo que entenderá que non lle pida disculpas e lle teña que cantar as corenta respetuosamente. O Sr.alcalde dille que esta falando con datos e que non está difamándoa e sinala que non está dicindo nada da concelleira que non sexa certo. Segue dicindo que non está insinuando absolutamente nada, e dí que o compañeiro estaba lendo una sentenza, dí que non é una xornalista senón que é a palabra dun xuíz que dicían que cobraban o triple. E seguelle dicindo que esperaba que rectificase e sinala que racharon o partido socialista, o partido popular e dille que agora van todos xuntos non se sabe cara onde e dille que nas vindeiras eleccións concorran todos xuntos.

Unha vez rematadas as intervencións, o Sr.Alcalde indica que se procede a votar a proposta de que quede o asunto sobre a mesa.

A Sra.Rodríguez pregunta que porque iso.

E o Sr.Alcalde indicaquello que acabaa de formular o compañeiro.

E sique dicindo lle que con se fose máis dictador como lle di ou máis autoritario, dille que ten competencia para retirar un punto e non votalo.

A Sra.Rodríguez dille que o retire e preguntalle porque de dezaseis deixou tres.

O Sr.Alcalde dille que o compañeiro pediu que que dase sobre a mesa e dille que o van votar porque cree que a única motivación que hai é o revanchismo, é o perder o poder, é o estar desesperado porque as cousas non funcionan e sinala que non viu que dixeran que o alcalde non traballaba, que traballada mal que estaba abandonado o concello, que non se adicaba ao concello e que se adicaba a pasear pola Coruña, Santiago ou Madrid e indícalle que isos son motivos e non o que di a concelleira que non ten nin pes nin cabeza.

O Sr.alcalde dí que votan que quede sobre a mesa.

A Sra.Rodríguez preguntalle que se queda sobre a mesa que compromiso ten de levar este punto no próximo Pleno

O Sr.Alcalde dille que ten o compromiso de pedir informes a secretaría e intervención ao respecto de se a motivación é suficiente para poder votar e dille que se fai falta o piden a García Denterría.


A Sra.Rodríguez dille que non, e sinala que xa pagaron informes a medida bastantes e dille que lle volve facer a mesma pregunta porque considera que non a respondio e preguntalle que si queda sobre a mesa se volve no próximo Pleno ordinario.

O Sr.Alcalde dille que si queda sobre a mesa, cos informes de secretaría e intervención este punto volveno a traer.

A Sra. Rodríguez dille que digan o que digan os informes, e preguntalle se este punto se vai levar no próximo pleno, independentemente do que digan os informes.

O Sr.alcalde responde que no momento que teñan eses informes e pregunta se queda sobre a mesa o punto.

O Sr.alcalde dille que se queda sobre a mesa sinala que lle piden os informes a intervención e secretaria cando haxa un habilitado en secretaría e dí que no momento en que teñan eses



Concello de Vimianzo

informes. Segue explicando que eses informes teñen que estar no prazo de dez días dende que o alcalde por providencia os pida e indica que nese momento volven traer o punto.

A Sra. Rodríguez dille que o pode tomar como capricho ou como queira e dille que había una emenda que foi una pena que non a escoitara e dille que se el se compromete a traer esta emenda no próximo Pleno ordinario que é o 31, se o vai a traer en vista do que sean os informes, que lógicamente o poidamos ver na comisión correspondente e facer a votación correspondente no Pleno.

O Sr.alcalde respondelle que se hai habilitado estatal en secretaría que teña eses dez días para facer ese informe levo ao Pleno ordinario e senón habilitado tan pronto chegue o habilitado manifesta que lle vai solicitar informe ao respecto, nun prazo de dez días e no momento en que teña ese informe convoca un Pleno extraordinario ou o que sexa.E manifesta que ese é o seu compromiso.

A Sra. Rodríguez pídelo un minuto para decidir e o Sr.Alcalde concédello.

O Sr.alcalde reanuda a sesión do Pleno despois do receso e manifesta que volve a reiterar o que xa dixo antes, que no momento que haxa en secretaria un habilitado estatal que o primeiro día lle vai pedir por providencia que faga un informe ao respecto deste asunto e no momento en que teñamos ese informe comprométese se hai un Pleno ordinario a levalo a un Pleno ordinario senón convocar un Pleno extraordinario.

A Sra. Rodríguez pídelo facer un matiz e agradecelle o receso e continua dicindo que lle gustaría o compromiso pola parte do Sr.Alcalde de que dunha maneira ou de outra se pidan os informes correspondentes, dille que é dezaseis de maio e que este punto veña o Pleno do 31 de maio.

O Sr.alcalde dille que o seu compromiso teno sempre e cando teñamos un habilitado estatal en secretaría.

A Sra. Rodríguez preguntalle que ocorrería se non o teñen.

O Sr.Alcalde dille que isto non pode ser sine die, e dille que a secretaría ten que estar ocupada por una persoa con habilitación estatal e dille que se non o teñen, dille que no momento en que se incorpore, o mesmo día fai una providencia para que en dez días elabore o informe e no momento en que teña ese informe se coincide Pleno ordinario vai no Pleno e senon manifesta o seu compromiso de que vai convocar un Pleno extraordinario.E o Sr.Alcalde di que ese é o seu compromiso diante dos vecinos.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA deixar este asunto sobre a mesa.

3. Reapertura e funcionamento da comisión de investigación da obra da Piroga.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental para dar lectura da parte resolutive do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, do día 16 de maio de 2014, que dí o seguinte:

"(...) a Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, con dous votos en contra (BNG), ningún voto a favor e tres abstencións (PSdeG-PSOE, IxV e a concelleira non adscrita), ditamina desfavorablemente a seguinte proposta de acordo:

1.-Instar a Alcaldía para que convoque unha sesión extraordinaria de devandita da dita comisión, que se celebrará no prazo máximo dunha semana.

2.-Instar ao Sr.Alcalde a que inclúa como puntos da orde do día os seguintes:

a) Dación de conta de todos os informes e antecedentes que consten no expediente, xunto co propio expediente.

b) Elaboración do ditame que deba ser remitido ao pleno para adopción do acordo que corresponda en relación co envío a fiscalía de todo o expediente, co obxecto de garantir a maior transparencia na obra referida.

c) Para elaborar o ditame, desde que se reciban todos os antecedentes que esixa a comisión, fíxase un prazo mínimo de quince días e máximo dun mes.

3.-No caso de que non se cumpra este acordo plenario, remitir todo o actuado ao Ministerio Fiscal, incluídos os incumprimentos destes acordos plenarios de control ao Sr. Alcalde e ao Goberno Municipal. (...)"


A continuación o Sr. Alcalde manifesta que quere dar una información ao respecto desta Comisión e sinala que a dita Comisión está creada e que ten que funcionar; prosigue dicindo que se non a convocou por agora foi porque teñen un informe de comprobación material feito polos técnicos da Deputación onde lle dan o Ok totalmente á obra, que está ben feita, do que non se lembra se se dou conta na comisión. Continúa dicindo que estaba esperando porque hai unha proposta de penalidades sobre 18.000 euros por incumprimentos de prazos e tamén unha reclamación da empresa por prexuízos por paralizacións e indica que están pendente de resolver iso. Segue dicindo que a súa vontade é a de convocala cando estea isto resolto e manifesta que non ten ningún inconveniente en sacar este punto para adiante por unanimidade, que pola súa parte non hai ningún problema.

A Sra.Rodríguez indica que quere facer un matiz.

O Sr.Alcalde pídlle que respeten as intervencións e dalle a palabra ao Sr.Miñones; que sinala que pola súa parte non hai ningún problema e que nesa zona fai falta, máis para adiante, unha actuación e manifesta que están de acordo coa proposta.

Deseguido dalle a palabra á Sra.Rodríguez Ordóñez que manifesta que antes quixo intentar facer constar en acta que este Pleno que solicitaron, que a convocatoria que foi presentada, formaba de dezaseis puntos e solicita que consta en acta que advirten que a Resolución é arbitraria e ilegal e manifestamente inxusta ademáis de conculcar os seus dereitos porque segundo dí pediron uns puntos e non están e explica que dí isto neste punto porque había diversas comisións. Tamén sinala que e manifesta que lle repite que non é por capricho e dille que tanto esta como outras obras que en diversos plenos ordinarios, con mocións intentaron obter información ter acceso ao expediente e manifesta que todo foi moi complexo.

E prosigue dicindo que non entende como xa que o Sr.Alcalde presume de facerlle caso aos informes sinalalle que nun momento virono claro, e dí que o Sr.Alcalde se reforza niso e sinalalle que no informe da Deputación, que poideron ver en escasos minutos, na páxina nove con respecto a estes puntos e a estas comisións que botan en falta na convocatoria deste Pleno extraordinario, di -anota que vai leer unha pequena descrición que fai o informe- "a la vista de de



Concello de Vimianzo

la regulación expuesta respetando sus reglas y previsiones no cabe duda de que el pleno puede crear comisiones como una función de fiscalización y control de los órganos de gobierno municipales"; e sigue dicindo que lle gustaría saber porque esta Comisión sí e as outras que solicitaron non aparecen na convocatoria deste Pleno extraordinario.

Dalle a palabra ao portavoz do partido popular, que di que están dacordo co dito pola representante do IxV.

O Sr. Alcalde responde que esta comisión xa está creada e dille que as outras comisións xa viu o argumento e di que o que plantexan está en moitas comisións informativas xa creadas no seu momento e segue dicindo que o que non pode ser ao crear una comisión é que sexa contraria as regras, a proporcionalidade ou que sexa de imposible cumprimento, sinala que propoñían que o partido socialista tivera dous concelleiros e non pode ter dous concelleiros, segue dicindo que propoñían que o concelleiro non adscrito estivera en todas as comisións e non pode estar en todas porque tería máis dereitos políticos que estando no grupo de procedencia e ademáis que o substituto do concelleiro non adscrito sexa outra concelleira non adscrita e sinala que non pode ser porque non son grupo.

No obstante sinala que eses asuntos os pode plantear sen ningún problema, dille que solicite una comisión polo procedemento do pleno extraordinario pola cuarta parte dos seus membros e indicalle que abordan eses temas sen problema, sinala que non hai problema con todos os asuntos que plantexan e dille que os plantean lle darán resposta.

A Sra. Rodríguez respóndelle ao respecto do que acaba de dicir que se realmente non lle importara e indicalle que se quixera dar esa transparencia que vende tan sanamente e dille que é una aparencia porque en realidade non é así porque dille que levan esperando resposta en relación as obras para as que piden información, porque non teñen acceso ao expediente nin outro tipo de información. E sigue dicindo que se fora verdade o que acaba de dicir, pídelle que convoque, hai un acordo e despois poderían, dialogando, modificar e adaptar se é o que dí pois substituíriase a outro ou o que sexa en relación ao que o Sr.alcalde acaba de alegar, e manifesta que se faga o informe, que se traía o punto, que se acorde, que é a súa obriga e que se non está de acordo que o recurra e segue dicíndolle ao Sr.alcalde que sabe perfectamente que tiña que traer os puntos que lle pediron, estea máis ou menos de acordo. E indicalle que xa o recordou o valedor do pobo que se traía, que o acorde o Pleno e despois recurra pero que non pode traer as que lle gustan . Segue dicindo que se a obra da Piroga esta acabada non tiveron nin unha comisión para cerrala e incumpríu o acordo adoptado por un Pleno ordinario e non clausurou esa comisión como estaba acordado nun Pleno ordianrio por unha moción e manifesta que nunca estivo convocada para vir a una comisión para pechala.

Segue sinalando que dun día para outro deixou de convocala coa periodicida que estaba establecida nese pleno, quincenalmete, di que desapareceu esa comisión, que se esfumou que non tiveron acceso á parte final e sinala que esa visita que saben, porque se soltou por aí algunha vez, pero que non se lles comunicou que houbera esa visita, esa supervisión, que nunca celebrou unha comisión para darlles esa explicación, para decirlles que teñen o informe correspondente, e di que se nese momento actuara con eles así seguramente este punto non estaría hoxe.

O Sr.alcalde dille que lle acaba de dar explicacións e dille que o pleno non acordou a periodicidade senon que está no primeiro acordo da primeira comisión e mentras están os traballos e sinala que tiña pensado convocala porque hai que clausurala e di que dou as explicacións pertinentes e sinala que non a convocou porque esta a espera de que se resolva

este asunto e indicalles que en calquera caso o teñen moi fácil dí que non fai falla convocar a prensa nin facer grandes aspaventos e indica que nun Pleno ordinario normal no punto de preguntas ao respecto e se a resposta que lle da nese pleno ou no seguinte lle parece inadecuado indicalle que pode instalo ou rogar a que convoque ou senón indicalle que pode convocalo e segue dicindo que non vale iso de que non ten que convocar os plenos e indicalle que o sabe perfectamente e sinalalle que pasou neste e no anterior pleno e sigue dicindo que pode haber discusión nos informes pero cando non é competencia de Pleno ou cando son propostas de imposible cumprimento está perfectamente demostrado dando os argumentos e dille que lle pregunte algo pola casa de cultura de Baiñas e se quere non ten ningún problema comprometése a convocar una comisión de obras e falar dese asunto e indicalle que espera ter o seu apoio.

A Sra. Rodríguez Ordóñez indica que quere o seu compromiso en todas.

O Sr. alcalde dille que esta no seu dereito a plantearlles todas estas cousas e dille que non llo nega, como está no dereito a mirar os expedientes e manifesta que nunca lle negou a ninguén a mirar os expedietnes, e explica que cando lle solicita por escrito consultar sete mil factura, e respóndelle organizando por días para que veña a velas e indicalle que se quere ver un expediente o pida por escrito e que él ten catro días para responder que non, senon ten acceso ao mesmo; e sigue dicindo que ten acceso a todos os expedientes do concello de Vimianzo e sinalalle que nalgúns pode haber defectos de forma pero non vai haber ningún problema de fondo ao respecto da xestión. Reiteralle que pode acceder aos expedientes pero que o que non pode é, e entende que debería estar de acordo, que paralicen o Concello. Seque dicindo que o criticaron, que foron o valedor do pobo porque non lle deron acceso ao expediente do camiño de Reboredo e explica que ese expediente está preparado para traer ao pleno para abrir unha investigación de oficio. Sinala que o poden ver sempre e que lle pediron velo e que se non o viron foi porque non quixeron xa que preferiron a polémica, porque sinala que non o denegou e sinala que se non llo denega teñen dereito e se llo denega tamen teñen dereito. Sigue dicindo que o Sr. Rodríguez solicitou ver o expediente e indica que se lle dixo que o viñera ver un día determinado e non apareceu.

O Sr. Rodríguez Blanco di que iso é mentira.

O Sr. Alcalde dí que non, que hai una dilixencia feita por unha funcionaria

O Sr. Rodríguez Blanco explica que veu e que o Sr. alcalde e a secretaria estaban na Alcaldía e que estivo esperando dúas horas e tivo que marchar e que veu despois a súa compañeira e tivo que marchar tamén.

O Sr. Alcalde dille que en calquera caso pode velo cando queira e dille que esta a súa disposición

O Sr. Mancebo sinala que o grupo do BNG quería deixar claro que non se inventan nada que pode chamar ao alcalde de do partido popular, que goberna con sete concelleiros e nunha convocatoria extraordinaria de pleno tamén acordase a adicación exlcusiva de varios concelleiros do grupo de goberno, tres concretamente. O alcalde retirou directamente da orde do día os puntos dous, cinco, seis, oito, nove e dez, ou sexa de oito seis porque invadía as súas competencias, hai couse que por moito que queira a oposición hai cousas que non son competencia súa e sinala que as competnecias do Pleno corresponden ao Pleno e as da alcaldía a alcaldía, e como fai este alcalde. En Benicasim, tamén se retirou da orde do día en base a un



Concello de Vimianzo

informe do secretario, entre outras, a retirada da dedicación exclusiva do alcalde e así pois hai catorce ou quince nos dous últimos anos.

E sinala que non cree que o alcalde se encapriche, senon que ten que actuar conforme a Lei e indica que se precisamente nun Concello con minoría, a lei senon lle reservase certas postestades sería ingobernable e sinala que na última reforma reforzou a figura do alcalde para que nos concellos que non hai maioría absoluta, que se garante ao alcalde uns cauces de goberno.

Enton sinala que esta moi definido pola lei, que hai competencias que son do pleno e hai competencias que non son do Pleno, que por moito que insistan, non son de pleno e non poden ir ao pleno.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade dos presentes, ACORDA:

1.- Instar a Alcaldía para que convoque unha sesión extraordinaria de devandita da dita comisión, que se celebrará no prazo máximo dunha semana.

2.- Instar ao Sr. Alcalde a que inclúa como puntos da orde do día os seguintes:

a) Dación de conta de todos os informes e antecedentes que consten no expediente, xunto co propio expediente.

b) Elaboración do ditame que deba ser remitido ao pleno para adopción do acordo que corresponda en relación co envío a fiscalía de todo o expediente, co obxecto de garantir a maior transparencia na obra referida.

c) Para elaborar o ditame, desde que se reciban todos os antecedentes que esixa a comisión, fíxase un prazo mínimo de quince días e máximo dun mes.

3.- No caso de que non se cumpra este acordo plenario, remitir todo o actuado ao Ministerio Fiscal, incluídos os incumprimentos destes acordos plenarios de control ao Sr. Alcalde e ao Goberno Municipal.

4. Determinación da periodicidade mensual dos plenos.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental para dar lectura da parte resolutiva do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, do día 16 de maio de 2014, que dí o seguinte:

"(...) a Comisión Informativa Permanente de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, con dous votos en contra (BNG), ningún voto a favor e tres abstencións (PSdeG-PSOE, IxV e a concelleira non adscrita), ditamina desfavorablemente a seguinte proposta de acordo:

1.- Fíxase, ao abeiro do Art.46 da Lei de bases de réxime local unha periodicidade mensual para a celebración de plenos ordinarios.

2.- Celebrárase pleno ordinario o último sábado de cada mes, ás 11 horas.

3.- Aplicaranse as regras establecidas no réxime local para as convocatorias e réxime de funcionamento de cada sesión. (...)"

A continuación, O Sr.alcalde di que van aceptar a proposta porque sinala que en realidade teñen máis dun pleno ao mes, cos plenos extraordinarios teñen máis dun pleno ao mes, e sinala que van a aceptar a proposta e indica que esta é a forma de adoptar un acordo, solicitando un pleno extraordinario e poñendo ese punto e indica que en mocións non vale segundo o dixo o Valedor do Pobo e sinala que por iso non está o alcalde obrigado a cumprir a moción.

A Sra. Rodríguez dille que non, que o interpretaron outros.

O Sr.Alcalde respóndelle que non o interpretou que o dixo claramente e explica que non convocou plenos todos os meses a partir do momento en que tivo ese informe, porque manifesta, que ese informe di que non está obrigado a cumprir con ese acordo. E segue dicindo que este é o procedemento e que hai que ir desatascando asuntos, e que xa que resolveron ben o segundo punto di que van resolver ben o cuarto punto e pide que tamén por asentimento acepten este acordo.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- Fíxase, ao abeiro do Art.46 da Lei de bases de réxime local unha periodicidade mensual para a celebración de plenos ordinarios.

Segundo.- Celebrarase pleno ordinario o último sábado de cada mes, ás 11 horas.

Terceiro.- Aplicaranse as regras establecidas no réxime local para as convocatorias e réxime de funcionamento de cada sesión.

Neste intre, intervén a Sra. Rodríguez que di que quere que conste en acta o que di parcialmente, porque sinala que hai puntos que non se convocaron e dille ao Sr.Alcalde que entende que algún día terá que convocalos, e dille que cos informes que o Sr. Alcalde queira a medida, que non ten problema ningún pero quere que quede claro que hai puntos sen convocar e advirte das consecuencias.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as vinte e tres horas e oito minutos, a presidencia remata a sesión e eu redato esta minuta-borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o dezaseis de maio de dous mil catorce.

O alcalde



A secretaria acc.
(R.A. 387, 14-04-2014)

